



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Descrición Decreto: NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO INTERINO E LISTA DE RESERVA TECNICO/A XESTION CONTABLE. EXPTE TEDEC: 2022/E001/000013

DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Vista acta tribunal de data 6 de marzo de 2023, na cal consta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.-Publicar a proba realizada no taboleiro de anuncios aos efectos de presentación de posibles alegacións sobre a mesma no prazo **3 días hábiles** .

Outorgar a seguinte puntuación a proba terceira de oposición non procedendo a aperturar prazo de alegacións sobre a valoración por resultar ambos aspirantes aptos, valoración que se tratará como definitiva no caso de non presentarse alegacións :

Proba ofimática 0001= 17 puntos = APTO

Proba ofimática 0005= 17 puntos = APTO

SEGUNDO.-Proceder a identificación de dita probas tendo en conta a mesma valoración a asistencia de só dous aspirantes :

Proba ofimática 0001= 17 puntos = APTO **JESÚS MANUEL SOTO VIVERO**

Proba ofimática 0005= 17 puntos = APTO **PAULA GONZÁLEZ PAZOS**

TERCEIRO.- Formular para elevación ó Alcalde a seguinte proposta provisional de formación de lista de contratación por orde decrecente de puntuación que será publicada no taboleiro de edictos e páxina web do Concello de Arzúa para presentación de alegacións no prazo de **2 días hábiles** considerándose como proposta definitiva de non presentarse alegacións (elevándose a este Tribunal outra vez de presentarse alegacións) e realizando a proposta de nomeamento como funcionario interino para o aspirante 1) con maior puntuación Jesús Manuel Soto Vivero.

1.-) Proba código A0014 TOTAL puntuación =49,12

JESÚS MANUEL SOTO VIVERO

Test=30,12

Práctica=19

Ofimática proba 3 = APTO

(puntuación obtida :

pregunta 1 apartado a) 1 apartado b) 5 apartado c) 1

pregunta 3 apartado a) 0,5 b) 3 apartado c)0,5



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

pregunta 5 apartado a) 1 apartado b) 6 apartado c) 1)

2.-) Proba código A0010 TOTAL puntuación =40,75

PAULA GONZÁLEZ PAZOS

Test=30,75

Práctica=10

Ofimática proba 3 = APTA

(puntuación obtida :

pregunta 1 apartado b) 1 apartado c) 0,5

pregunta 3 apartado a) 1 apartado b) 6 apartado c)1

pregunta 4 apartado b)0,5)

3.-) Proba código A0012 TOTAL puntuación =30

NOELIA MARÍA LEMA AMADO

Test=27,25

Práctica=2,75

(puntuación obtida :

pregunta 1 apartado b) 2 apartado c) 0,25

pregunta 5 apartado b) 0,5

4.-) Proba código A0013 TOTAL puntuación =22

JUAN ANDRÉS SIEIRA PÉREZ

Test=21,5

Práctica=0,5

(puntuación obtida :

pregunta 1 apartado b) 0,5)

5.-) Proba código A0011 TOTAL puntuación =20,75

SILVIA VIZCAÍNO ALCALDE

Test=18,5

Práctica=2,25

(puntuación obtida :

pregunta 1 apartado b) 1 apartado c) 1

pregunta 2 apartado b) 0,25)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Constando no expediente Tedec **2022/E001/000013**, certificados de que non se presentaron alegacións tanto a proba ofimática realizada, como proposta provisional de formación de lista de contratación e proposta de nomeamento de funcionario interino.

Visto certificado de existencia de crédito asinado por intervención con data 21/03/2023.

En aplicación das bases 9, 10 e 11 das bases que rixen este proceso de selección dun/ha funcionario/a interino/a praza de técnico de xestión contable.

RESOLVO:

PRIMEIRO:- Nomear como funcionario interino técnico de xestión contable proposto polo tribunal a Jesús Manuel Soto Vivero, grupo A; subgrupo A2, escala: administración xeral; subescala : xestión, código do posto 3101 , polo período de tempo que dita praza non estea ocupada polo seu titular.

SEGUNDO: Conceder o Sr. Soto Vivero un prazo de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da resolución de nomeamento, para presentar no Rexistro do Concello a documentación indicada na cláusula 10 :

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- Fotocopia compulsada do título de galego Celga 4 ou equivalente, co obxecto de ser declaradas exentas da realización da proba de nivel de coñecemento da lingua galega. Fotocopia compulsada certificación galega de competencias dixitais en ofimática regulada no Decreto 218/2011 da Xunta de Galicia
- Informe médico oficial actualizado -polo que non deberá ter unha antigüidade superior a tres meses, contados dende a data de resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba o/a aspirante seleccionado/a-, no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración xurada de non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

Rematado este prazo e constatando que entregou a documentación esixida, procederase ao nomeamento definitivo por resolución do alcalde, indicando prazo de toma de posesión no prazo sinalado na resolución da Alcaldía.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Se o aspirante renuncia ao posto sen causa xustificada, a primeira vez pasará a ocupa-lo último posto da lista, e á segunda será excluído da mesma por Decreto da alcaldía

Consideranse causas xustificadas á renuncia a ocupar o posto de traballo incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico).- Ou estar traballando noutro sitio (acreditado mediante contrato de traballo).

En caso de darse os dous casos anteriores, xustificación a presentar dentro dos 2 días hábiles seguintes a publicación deste decreto, pasarase o chamamento do seguinte ou seguintes da lista conforme o indicado na base 11.

TERCEIRO:Aprobar a seguinte lista de reserva estará formada polos/as seguintes candidatos/as, a cal terá unha vixencia de tres anos, a contar dende a data de publicación de formación de lista na sede electrónica municipal:

- 1.-) JESÚS MANUEL SOTO VIVERO
- 2.-) PAULA GONZÁLEZ PAZOS
- 3.-) NOELIA MARÍA LEMA AMADO
- 4.-) JUAN ANDRÉS SIEIRA PÉREZ
- 5 .-) SILVIA VIZCAÍNO ALCALDE

Sendo o funcionamento da mesma o seguinte (base 11):

Esta lista terá vixencia durante o prazo de tres anos a contar dende a data de publicación de formación de lista na sede electrónica municipal . poderá utilizarse para en aplicación do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público os supostos previstos no artigo 10.1 a) b) c) e d). e 23.2 da Lei de emprego público de Galicia . As comunicacións de oferta de contratación previa proposta do Alcalde e certificado de existencia de crédito de intervención, realizaranse telefonicamente, deixando constancia da mesma por parte do empregado público encargado de realízalas mediante a oportuna dilixencia. Se no momento da comunicación, o aspirante renuncia ao posto sen causa xustificada, a primeira vez pasará a ocupa-lo último posto da lista, e á segunda será excluído da mesma por Decreto da Alcaldía. A renuncia voluntaria e sen xustificación a un nomemamento formalizado antes da súa finalización, producirá os mesmos efectos para o/a traballador/a que os arriba contemplados. Considéranse como causas xustificadas á renuncia a ocupar un posto de traballo e por tanto, a que non se apliquen as medidas correctoras contempladas no paragrafo anterior, as seguintes:

– A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico). – O estar traballando noutro sitio (acreditado mediante contrato de traballo). O/a candidato/a terá



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

un prazo de dous días hábiles para achegar a documentación sinalada documentación (indicada na base noventa ou de causa xustificada para renuncia) dende o chamamento realizado.

CUARTO: Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na paxina web.

ARZÚA, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O Alcalde

Asdo.- JOSE LUIS GARCIA LÓPEZ

Dou fe, a secretaria

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁQUEZ